

## INFORMACIÓN APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS

**1.- Solicitud.**- Xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento dirixida ao alcalde deberá achegarse copia do NIF e acreditación da titularidade da conta onde se domicilien os pagos (salvo nos casos nos que se teña constancia dos mesmos nas oficinas de xestión e recadación municipal).

Poderá ser causa de denegación do aprazamento ou fraccionamento o incumprimento reiterado de 2 aprazamentos ou fraccionamentos anteriores nos dous últimos exercicios.

**2.- Débedas non aprazables ou fraccionables.**- Non son aprazables nin fraccionables, sendo obxecto de inadmisión, as seguintes débedas:

- As solicitudes nas que contía da débeda respecto da que se solicita o aprazamento ou fraccionamento, en conxunto, sexa igual ou inferior a 60 €.
- As que se exaccionen por medio de efectos timbrados.
- As suspendidas a instancia de parte, cando recaera sentenza firme en contra.
- As reiterativas doutras que fosen denegadas cando non presenten modificación substancial ningunha.

**3.- Domiciliación.**- O pago das débedas aprazadas ou fraccionadas realizarase mediante domiciliación bancaria. O vencemento dos prazos das fraccións ou do aprazamento deberá coincidir cos días 5 do mes e cargaranse nas conta ese mesmo día ou o inmediato hábil seguinte.

**4.- Prazos.**- Os criterios para fixar os prazos máximos dos fraccionamentos ou aprazamentos concedidos serán os seguintes:

No caso aprazamentos: con carácter xeral non se aprazarán as débedas por tempo superior a 6 meses.

No caso de fraccionamentos:

- De 60 € a 300 €: 6 cotas mensuais.
- De 300,01 € a 1.200 €: 12 cotas mensuais.
- De 1.200,01 € a 3.000 €: 18 cotas mensuais.
- De 3.000,01 € a 5.000 €: 24 cotas mensuais.
- De 5.000 € a 10.000 €: 30 cotas mensuais.
- A partir de 10.000,01 €: 36 cotas mensuais.

O límite cuantitativo de cada cota mensual resultante dun fraccionamento non poderá ser inferior a 30 €.

**AVAL:**

**Principal maior de 18.000 €**